

# PROXECTO XORNADA CONTINUA

## CEIP MANUEL RESPINO

Estimadas familias, dende o noso centro estamos a promover un proxecto da xornada continua escolar. Para tal efecto, **é imprescindible a vosa**

**colaboración como parte integrante da comunidade educativa.**



Emporiso, queremos facervos partícipes e ofrecervos unha información ampla e rigorosa das vantaxes que implica a instauración deste modelo de xornada na realidade socioeducativa do noso colexio. Asemade, seredes informad@s de próximas reunións no centro para abordar esta cuestión.

**Agardamos a vosa asistencia nas vindeiras xuntanzas.** Lembra de, que entre tod@s construímos a educación dos/as vossos/as fillos/as. Semella

prioritario pois, avanzar de maneira conxunta, con firmeza e compromiso, cara os novos horizontes.

Neste tríptico, queremos destacar brevemente algúns dos beneficios que consideramos para a implantación do modelo de xornada continua no noso centro. Porén, somos conscientes de que ningún dos modelos que organiza o tempo escolar (xornada partida/continua), tal e como recollen diferentes estudos, ten a fórmula máxica da optimización do proceso de ensino-aprendizaxe.

**Nós, quixemos dar unha resposta concreta, realista e flexible ás necesidades do alumnado tendo en conta as características e posibilidades do noso contorno sociocultural.**

A **nivel psicopedagóxico** resaltamos:

1. **O rendemento intelectual é maior durante a xornada de mañá** que nas horas posteriores ao xantar.
2. **Facilítalle ao alumnado máis tempo para a realización das**

**súas tarefas así como a posibilidade de ampliar formación** integral a través das diferentes actividades extraescolares (contéplanse varias de forma gratuíta).

3. **Evítanse interrupcións e perdas de tempo** ata a reanudación da xornada de tarde.
4. **O paso ao instituto non supón unha ruptura tan marcada cos horarios** de Primaria.

A **nivel sociofamiliar** resaltamos:

1. **As familias poderán reducir o tempo invertido en desprazamentos** e incrementar o número de horas de convivencia no seo familiar.
2. **O comedor escolar seguirá funcionando para as familias que o soliciten, permitindo aos/ás usuarios/as participar nas actividades extraescolares** da tarde.
3. Suporía a **equiparación de horarios** laborais e escolares, así como a sincronía entre os horarios das diferentes etapas

educativas (especialmente en familias con fillos no instituto e no colexio).

4. **As relacións do alumnado co seu contorno traduciríanse no enriquecemento noutras iniciativas e experiencias** que reforzan a súa participación activa na vida social e cultural (actividades ofertadas pola ANPA, profesorado, persoal externo ao centro e Concello).

Neste último punto, queremos facer fincapé, pois é absurdo negar a importancia educativa do contorno. **E baixo este modelo, pretendemos optimizar os beneficios dun contorno educador para tod@s** sen facer ningún tipo de discriminación.

Recollemos, a continuación, unha serie de reflexións de personalidades do ámbito pedagóxico, sobre a relevancia dun tempo para as aprendizaxes lúdicas (experiencias, iniciativas diversas, obradoiros, actividades extraescolares):

*“Hora es de que los niños y las niñas vayan a los jardines, a los espectáculos y a los polideportivos en horario vespertino con sus padres y*

*madres y que las 'videobibliotecas' vuelvan a llenarse y que nunca nadie más pueda decir que ha estado tan ocupado por su trabajo que la vida pasó a su lado rápida y silenciosa como un velero, pues dentro de cien años a partir de hoy no importará cuál era el saldo de nuestras cuentas corrientes, el tipo de casa donde vivíamos o la marca de coche que conducíamos; pero el mundo quizás sea diferente porque fuimos importantes en la vida de una niña o un niño, y eso nos ayudó y les ayudó a ser mejores, a perfeccionarnos y a perfeccionarse.”*

Juan Carlos Corniero

*“El juego proporciona una excelente oportunidad para ensayar combinaciones de conductas que nunca serían intentadas bajo condiciones de presión funcional”. El tiempo de juego no es tiempo perdido, sino plenamente aprovechado. No les robemos el tiempo de juego. No les encerremos en jaulas, aunque sean de oro.”*

Jerome Bruner

*“Aunque hoy en día parece que algunos críos no saben jugar fuera de casa por culpa de las películas y todos esos juegos de la consola. ¿Te acuerdas de Manfred, el que vive al otro lado del río? Me contó que fueron a verle sus nietos este verano. Al final los tuvo que obligar a salir para que salieran fuera. “En verano solo se puede estar dentro de casa si llueve a cántaros”, les dijo. Y los niños salieron. Pero no tenían ni idea de cómo jugar. Se quedaron allí en el jardín, totalmente apáticos. Al cabo de un rato Manfred vió que se habían puesto en círculo cogidos de la mano. Cuando salió y les preguntó qué hacían, le dijeron que estaban pidiendo a Dios que se pusiera a llover a cántaros”.*

Extracto da novela “Aurora boreal” de  
Asa Larsson

**CONTAMOS CONVOSCO!  
AVANCEMOS  
CONXUNTAMENTE NA  
EDUCACIÓN D@S  
VOS@S FILL@S!**